

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E O COLEXIO DE REXISTRADORES DA PROPIEDAD, MERCANTÍS E BENS MOBLES DE ESPAÑA - DECANATO AUTONÓMICO DE GALICIA.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Por unha parte, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, en virtude do nomeamento efectuado polo decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E por outra, o Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e Bens Mobles de España (en diante, o Colexio de Rexistradores), representado neste acto por D. Sebastián Camacho Pita, quen actúa na súa condición de decano da Xunta de Goberno do Decanato Autonómico de Galicia, en virtude da delegación aprobada por acordo da Xunta de Goberno do Colexio con data do 17 de marzo de 2026 e do disposto no art. 36 do Real decreto 483/1997, do 14 de abril, polo que se aproban os estatutos xerais da citada Institución.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a firma do presente convenio de colaboración e para estes efectos

EXPOÑEN

Primeiro. o 11 de abril de 2022 asinouse un convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e o Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e Bens Mobles de España para a realización das actuacións precisas e necesarias para a detección de inmobles propiedade das persoas emigrantes galegas.

Terceiro.- A cláusula quinta do convenio sinala que terá unha vixencia de catro anos desde o día seguinte ao da sinatura e que as partes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

Cuarto.- Que é vontade das partes prorrogar o convenio, cuxa vixencia finaliza o 11 de abril de 2026, tal e como está previsto na súa cláusula quinta.

En consecuencia as partes acordan esta addenda de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- As partes asinantes acordan prorrogar o convenio de colaboración por un período de catro anos, desde o 12 de abril de 2026 ao 11 de abril de 2030.

Segunda.- O convenio permanecerá en vigor nos mesmos termos que nel se establecen.

Terceira.- De conformidade co disposto na cláusula terceira do convenio, esta addenda non comporta obrigacións económicas entra as partes asinantes

Cuarta.- A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).

E para que así conste, en proba de conformidade con canto antecede, as partes intervinientes asinan o presente convenio.

O conselleiro de Emprego, Comercio e
Emigración

O decano autonómico de Galicia do
Colexio de Rexistradores

José González Vázquez

Sebastián Camacho Pita

